

Concello de Viveiro

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E DA INSERCIÓN LABORAL, AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE APROBA A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2022 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351F).

Vistas as Bases Xerais, Específicas e Anexo polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, ao amparo da Resolución do 20 de maio de 2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 5 (cinco) prazas de oficiais para a obra ou servizo “REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS”.

Son obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, de 5 (cinco) oficiais para formar parte do Servizo municipal de obras, revalorización de espazos públicos, durante nove meses a xornada dun 75%, para a realización de obras de interese xeral e utilidade social competencia desta entidade local, vinculados á resolución dictada pola Xefa do servizo de Emprego e Economía Social pola que se lle concede ao concello de Viveiro unha subvención de 60.195,15 € ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351F).

Visto o art. 11 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que *“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se registrará igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia...”.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que *“Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico”.*

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:*

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*



Concello de Viveiro

- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.
f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección...”.

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que “[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...]”.

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta o informe de data 06 de xuño de 2022 do Responsable do Departamento de Persoal deste Concello.

Tendo en con a Resolución recibida neste Concello de concesión da subvención en data 23 de maio de 2022, pola que se otorga a subvención para a contratación de 5 Oficiais este Concello contará con consignación orzamentaria para o presente proceso selectivo. Consta informe de Intervención sobre a existencia de consignación orzamentaria, así como informe de fiscalización.

Tendo en conta os prazos establecidos na resolución da concesión da subvención determinase a necesidade da tramitación urxente do presente procedemento.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base a Resolución referida se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a urxente e inaprazable necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, os seguintes postos:

OBRA OU SERVIZO	Nº DE TRABALLADORES
Revalorización de espazos públicos	- 5 oficiais

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito e entrevista, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos e entrevista para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: 5 OFICIAIS (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (modelo 405/505 temporal)

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexos no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello (www.viveiro.es).

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mío, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

